

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE XUSTIZA

**11915** *Real decreto 535/2021, do 13 de xullo, polo que se modifica o Regulamento da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores, aprobado polo Real decreto 1774/2004, do 30 de xullo, e polo que se prorrogan os nomeamentos de avogados fiscais substitutos para o ano xudicial 2021-2022.*

O Defensor do Pobo puxo de manifesto, nunha recomendación efectuada o 16 de outubro de 2012, que a actual redacción do artigo 76 do Regulamento da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores, aprobado polo Real decreto 1774/2004, do 30 de xullo, pode supor unha limitación importante das posibilidades de defensa e recurso dos menores suxeitos a internamento, xa que o citado precepto non aclara de forma suficiente en que casos é necesario notificar á defensa letrada do menor a imposición dunha sanción disciplinaria por parte do centro e en cales non.

Así, a ausencia de comunicación xeneralizada deste tipo de sancións aos avogados dos menores pode supor unha mingua ás exixencias do dereito á tutela xudicial efectiva sen indefensión destes, posto que a súa comunicación a outras instancias, como por exemplo á Fiscalía ou á unidade de que dependa o centro de internamento, sendo conveniente e adecuada, non suple a necesaria comunicación á defensa letrada do menor, que, en defensa dos seus intereses, pode decidir impugnar as ditas sancións no exercicio lexítimo do dereito ao recurso.

Neste sentido, o artigo 78 do Regulamento da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, dispón que as resolucións sancionadoras poderán ser impugnadas, antes do inicio do cumprimento, ante o xuíz de menores, verbalmente no mesmo acto de notificación ou por escrito dentro do prazo de 24 horas, polo propio interesado ou polo seu letrado, de acordo co preceptuado no artigo 60.7 da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores.

Polo anterior, e co fin de garantir a maior tutela posible aos menores internados en centros, de acordo co establecido no artigo 24 da nosa Constitución e no artigo 47 da Carta de dereitos fundamentais da Unión Europea, por medio deste real decreto dótese dunha nova redacción o artigo 76.2 do Regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, e aclárase indubidadamente a necesidade de comunicación á defensa letrada do menor de todos os acordos que impoñan sancións ao menor internado, sen prexuízo do resto de comunicacións que actualmente veñen practicándose de forma obrigada.

A presente reforma é congruente cos principios de boa regulación, recollidos no artigo 129.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ao constituír unha modificación necesaria e proporcional para os fins a que se dirixe, ademais de aumentar a seguridade xurídica, a transparencia e a eficiencia.

Inclúese, en virtude da disposición adicional única, unha prórroga excepcional dos nomeamentos de avogados fiscais substitutos que, sen pertenceren á carreira fiscal, realizan funcións de apoio ou reforzo de carácter non permanente nas fiscalías.

O Real decreto 634/2014, do 25 de xullo, polo que se regula o réxime de substitucións na carreira fiscal, prevé a posibilidade de que o fiscal xeral do Estado, logo de audiencia do Consello Fiscal, realice proposta motivada, ao ministro de Xustiza, dos avogados fiscais substitutos que poden ser prorrogados en cada fiscalía, por unha soa vez, para o seguinte ano xudicial.

O 13 de marzo de 2019 publicouse a Orde JUS/280/2019, do 11 de marzo, pola que se convocaban prazas de avogados fiscais substitutos correspondentes ao ano xudicial 2019-2020. Os nomeamentos realizados segundo a dita convocatoria prorrogáronse en virtude de Orde JUS/680/2020, do 20 de xullo, para o ano xudicial 2020-2021.

A situación excepcional creada pola pandemia da COVID-19 desaconsella a publicación dunha convocatoria no momento actual, pois debería iniciarse un proceso de tramitación desta que non pode realizarse completamente en forma dixital por razóns técnicas. A dita tramitación implicaría análises de instancias e documentación en soporte físico de forma contraria ás recomendacións de fomento do teletraballo por razóns sanitarias. Por outra parte, encóntrase en estudo unha modificación do texto sobre as substitucións da carreira fiscal para dar lugar a unha redacción máis acorde coa situación actual do Ministerio Público e dar resposta ás cuestións formuladas pola Fiscalía Xeral do Estado en relación coas convocatorias realizadas baixo a vixencia do Real decreto 634/2014, do 25 de xullo, e considerouse conveniente que a próxima orde de convocatoria se realizase baixo o amparo do dito texto.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Xustiza, coa aprobación previa do ministro de Política Territorial e Función Pública, oído o Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 13 de xullo de 2021,

DISPOÑO:

**Artigo único.** *Modificación do Regulamento da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores, aprobado polo Real decreto 1774/2004, do 30 de xullo.*

O artigo 76.2 do Regulamento da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores, aprobado polo Real decreto 1774/2004, do 30 de xullo, queda redactado como segue:

«2. Así mesmo, o acordo sancionador notificarase en todo caso e en igual prazo ao Ministerio Fiscal e á defensa letrada do menor.»

**Disposición adicional única.** *Prórroga excepcional dos nomeamentos de avogados fiscais substitutos.*

Prorróganse os nomeamentos dos avogados fiscais substitutos vixentes na data de entrada en vigor do presente real decreto para o ano xudicial 2021-2022, no cal se realizará unha nova convocatoria de prazas de avogados fiscais substitutos conforme a normativa vixente nese momento.

**Disposición derradeira primeira.** *Título competencial.*

O artigo único dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.6.<sup>a</sup> da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva para ditar a lexislación penal, penitenciaria e procesual.

A disposición adicional única dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.5.<sup>a</sup> da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre administración de xustiza.

**Disposición derradeira segunda.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 13 de xullo de 2021.

FELIPE R.

A ministra de Xustiza,  
MARÍA PILAR LLOP CUENCA